



GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTOS AFÍNS**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: INSTRUMENTOS AFÍNS											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Acordeón		
CARÁCTER	Materia obrigatoria específica							TIPO DE CLASE	Colectiva		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO			Acordeón			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 h.	
ECTS/CUAD.					3	3			Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Desenrolo da aprendizaxe básica dos instrumentos que empregan o mesmo principio sonoro que o acordeón: a lingüeta libre metálica; accionada con manuais de teclas ou botóns e posta en vibración por medio de fol ou sopro. Diferencias entre instrumentos unisonoros e bisonoros.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Sen requisitos previos.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T14
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X6, X19, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/ 2015 do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Analizar os instrumentos que empregan a lingüeta libre metálica como principio sonoro e a súa evolución histórica.	T1, T2, T4,T14
2. Acadar o nivel técnico que permita ao alumno tocar as obras adecuadas ao repertorio básico deste curso.	X1,X18, X20,X6,X19,E1,E2
3. Acadar un nivel de autoescoita e autocrítica coma medios para controlar a calidade da súa execución e para progresar como intérprete.	E5,T6,X2,X21,X24,E4



#### 4. CONTIDOS

Obras da literatura básica da familia dos instrumentos da lingüeta libre metálica, tanto unisonoros como bisonoros.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias	Presencial	Comezo curso
Exposición maxistral	Presencial	Ao final Cuadrimestre
Exposición práctico-teórica	Presencial	Ao final Cuadrimestre
Práctica individual	Non presencial	Permanente
Práctica colectiva	Non presencial	Permanente
Lectura guiada e comentario de fontes na clase	Presencial	Esporádica
Taller	Presencial	Esporádica
Laboratorio	Presencial	Esporádica
Pescuda de información	Presencial/Non presencial	Permanente
Seminarios	Presencial	Esporádica
Exposición e debate de traballos	Presencial	Ao final Cuadrimestre
Actividades complementarias	Presencial/Non presencial	Esporádica

#### 6. AVALIACIÓN

A ensinanza e de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua.

O alumno disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, unha ordinaria e outra extraordinaria.

No caso de perda da avaliación continua, o alumno acollerase ó disposto no apartado da avaliación alternativa que figure na programación docente da disciplina.

No caso dos alumnos que non perdan a avaliación continua, valorarase a asistencia as clases, o seu aproveitamento e evolución, as destrezas acadadas, o nivel de comprensión dos contidos teóricos de avaliación, ferramentas de avaliación, competencias avaliadas e ponderación nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.